

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

2669 *Real decreto lei 5/2020, do 25 de febreiro, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes en materia de agricultura e alimentación.*

I. Antecedentes

A confluencia de factores de diversa índole, como a caída sostida de prezos percibidos polos agricultores; o aumento da frecuencia dos danos por fenómenos climáticos extremos, en particular nos últimos meses, en que se sucederon, practicamente sen interrupción, fenómenos tan adversos como as encadeadas depresións illadas en niveis altos (DINA) e a borrasca Gloria; as tensións comerciais, a volatilidade das cotizacións das materias primas, o incremento dos custos dos insumos agrarios e gandeiros, como a enerxía, o crecente impulso de exixencias na produción e a falta de equilibrio na fixación de prezos na cadea alimentaria conduciron a unha situación de crise sen precedentes do sector agrario que obriga os poderes públicos a intervir de maneira urxente.

Por outra parte, o sector agrario é vulnerable polas súas propias características, pois trátase dun sector moi atomizado, estacionario e cunha elevada rixidez da demanda, pola propia natureza perecedoira da produción, que de maneira paulatina tendeu cara a un desequilibrio estrutural do mercado, alcanzando na actualidade cotas sen precedentes, coa conseguinte perda de tecido produtivo e de emprego no campo.

Ese fenómeno, que é común en países da nosa contorna, propiciou que a Comisión Europea e o Parlamento Europeo, mediante distintas comunicacións, fosen afondando na análise e na identificación dos problemas reais. A todas estas iniciativas sumáronse outras institucións europeas, como o Consello de Ministros de Competitividade e Agricultura ou o Comité Económico e Social, que evidenciaron a gravidade e extensión global deste problema, e subliñaron a necesidade de que os Estados adopten medidas, ampliando o marco normativo significativamente en tempos recentes, cunha aposta esencial en favor do reequilibrio da cadea e ampliando notablemente a marxe de acción para os Estados membros. Debe terse en conta que o número e o tamaño dos axentes varían nas distintas etapas da cadea de subministración agrícola e alimentaria. As diferenzas no poder de negociación, que se corresponden coa dependencia económica do provedor respecto do comprador, é probable que conduzan a que os axentes máis grandes impoñan prácticas comerciais desleais aos axentes máis pequenos.

Así, no marco da cadea de subministración agrícola e alimentaria, prodúcese con frecuencia desequilibrios importantes en canto a poder de negociación entre provedores e compradores de produtos agrícolas e alimentarios. Estes desequilibrios no poder de negociación é probable que conduzan a prácticas comerciais desleais, se os socios comerciais de maior tamaño e poder tratan de impor determinadas prácticas ou disposicións contractuais que os benefician en relación cunha transacción de venda. Estas prácticas poden, por exemplo, apartarse en gran medida das boas condutas comerciais, ser contrarias á boa fe e a un trato xusto e imporse de maneira unilateral por unha das partes á outra, ou impor unha transferencia desproporcionada e inxustificada de risco económico dunha das partes á outra; ou impor un desequilibrio importante de dereitos e obrigacións a unha das partes.

II. Contido

As circunstancias descritas obrigan os poderes públicos a adoptaren medidas enfocadas a mellorar a rendibilidade das explotacións agrarias. Cabe destacar pola súa inmediatez aquelas que mitiguen as dificultades extremas en que se sitúa unha boa parte do sector dedicado á produción primaria. Trátase de actuacións de carácter urxente e de

todo punto inaprazable, que teñen como finalidade evitar o abandono das explotacións agrarias e asegurar na medida do posible unha repartición equitativa dos custos sociais, ambientais, de competitividade e de sustentabilidade, que recaen de modo agravado nos operadores que dedican os seus esforzos ao sector primario e, moi especialmente, aos elos menos protexidos e máis vulnerables, que permitan o mantemento e doten de estabilidade as explotacións agrarias.

Por ese motivo, o presente real decreto lei incorpora un conxunto sistemático de medidas concretas e con efectos tanxibles, que reduzan os factores prexudiciais e garantan o nivel de vida, destinadas a mellorar a posición negociadora, a equidade das relacións e a xusta repartición dos custos xerais do sector primario.

Como elemento primordial, introdúcese unicamente medidas regulatorias puntuais no ámbito da cadea alimentaria cuxa adopción se considera inaprazable, polos motivos sinalados, anticipándose á futura reforma en profundidade, que está previsto acometer máis adiante, da Lei 12/2013, do 1 de agosto, de medidas para a mellora da cadea alimentaria, para incorporar nese momento na dita regulación o disposto na Directiva (UE) 2019/633 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2019, relativa ás prácticas comerciais desleais nas relacións entre empresas na cadea de subministración agrícola e alimentaria, a cal se emprenderá sen demora, asegurando a participación pública, en especial, de todos os axentes sociais que interveñen na cadea alimentaria, así como de institucións públicas e privadas. Malia que a lei funcionou, existen elementos que agora requiren de medidas urxentes para asegurar a súa plena eficacia.

A actividade dos poderes públicos debe partir dun enfoque diferenciado con respecto doutros subsectores económicos, de modo que se asegure un correcto funcionamento que parta da necesaria garantía da cadea de valor, que poida ser sustentable para todos os operadores, mellorando tamén a posición dos consumidores e usuarios.

A principal novidade no ámbito da cadea alimentaria consiste en obrigar a que cada operador aboe ao inmediatamente anterior un prezo igual ou superior ao custo de produción de tal produto en que incorrese o dito operador, de modo que se preserve ese valor agregado crecente que fundamenta un dos eixes vertebradores da acción pública neste sector, que contribúa a aumentar a súa competitividade global a través do valor engadido e que, en último termo, reverta en beneficio de toda a sociedade. Así mesmo, prevese que o operador que realice a venda final do produto ao consumidor non poida repercutir a ningún dos operadores anteriores o risco empresarial derivado da súa política comercial en materia de prezos ofertados ao público.

Tamén se prevé como novidade destacada a inclusión do custo de produción no prezo como elemento mínimo dos contratos. No texto orixinario da lei tense en conta, na composición do prezo, o conxunto de factores obxectivos, verificables e non manipulables que deben ser expresamente establecidos no contrato, ben que non inclúe expresamente un factor que se considera esencial para a súa determinación como é o custo de produción.

Co fin de asegurar o cumprimento desas premisas, a norma incorpora unha lista exemplificativa de elementos que considerar para as explotacións agrarias, tales como sementes, fertilizantes, pesticidas, enerxía ou maquinaria, e índices que, entre outros, poidan empregarse para asegurar esa obxectividade na súa determinación, como os publicados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Esta medida resulta de capital importancia, pois permite cerrar o círculo da cadea de valor, xa que a súa libre determinación conforme as regras de mercado permite cohonestar a libre formación da vontade e a autorregulación de oferta e demanda co aseguramento de que eses custos efectivos de produción –que ademais deberán cubrirse co prezo e aparecer así no contrato– non se destrúen en estadios sucesivos da cadea.

Neste punto, introdúcese precisións co fin de impedir que na dita determinación do custo se incorporen factores que o distorsionen, como as referencias circulares, é dicir, as que se obteñen de prezos participados por outros operadores ou polo propio operador.

Por outro lado, cabe destacar a nova exigencia de que as actividades promocionais que se realicen no ámbito de aplicación da lei da cadea se despreguen nun marco equitativo de obrigacións e dereitos, entre os que cabe destacar que se basee no acordo

e liberdade de pactos, para os cales se establecen uns contidos mínimos; o interese mutuo e a flexibilidade para adaptarse ás circunstancias particulares dos distintos operadores, sen que poidan realizarse actividades promocionais entre eles que induzan a erro sobre o prezo e imaxe dos produtos, co fin de evitar que se prexudique a percepción na cadea sobre a calidade ou valor dos produtos, banalizando unha actividade esencial para a economía e a sociedade.

Debe destacarse, para efectos de axustar o seu correcto encaixe no ordenamento, que se trata dunha medida sectorial encamiñada á protección desde outra perspectiva da cadea de valor no sector agroalimentario e que non se dirixe aos consumidores, para efectos da súa clara diferenciación con outras normas sectoriais, que se aplicarán sen prexuízo desta nova previsión normativa que, polo demais, xa se encontraba recollida como *soft law* no Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria.

Así mesmo, adiantándose á exigencia da actual normativa europea na materia, prevese a publicidade das infraccións graves e moi graves, con fins disuasorios pero tamén punitivos, posto que o elemento reputacional é esencial no sector e é procedente, conforme indica o lexislador europeo, que o público teña coñecemento dos operadores que foron obxecto de sanción polas autoridades competentes. Co fin de asegurar o pleno respecto aos dereitos dos administrados e encontrar unha solución ponderada, a norma restrinxen esta publicidade ás que adquirisen firmeza en vía administrativa ou, en caso de terse interposto recurso contencioso-administrativo, en vía xudicial. No caso das sancións que impoña a Administración xeral do Estado, esta publicidade farase por medio da páxina web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Por outro lado, a norma inclúe unha modificación concreta que afecta a fiscalidade destas actividades nun elemento moi sensible e dunha importancia capital para o sector.

Existe unha xeneralizada preocupación polo actual tratamento fiscal das axudas á incorporación de mozos á actividade agraria, unha das liñas esenciais da política de renovación do sector primario e un dos eixes sobre os que versará a nova política agrícola común (PAC), en canto á súa imputación temporal. O cambio de cualificación fiscal das subvencións á incorporación de agricultores mozos, derivadas do Marco Nacional de Desenvolvemento Rural, dificultou que poidan acceder a estas unha parte dos agricultores, desincentivando esta medida, esencial no proceso de renovación do proceso produtivo. Mentres no Marco Nacional do período 2007-2013 se recollen as axudas á instalación de agricultores mozos, como medidas destinadas a investimentos e gastos de instalación, o Marco Nacional 2014-2020 condiciónaaas directamente ao desenvolvemento dun plan empresarial. En consecuencia, fiscalmente pasaron de considerarse subvencións de capital a subvencións correntes como axuda á renda, o que obriga o perceptor a ter que sufragar a totalidade do imposto no primeiro momento, sen posibilidade de fraccionamento do pagamento ao longo do período cuadrienal de percepción.

Por conseguinte, en moitos casos liquídanse os impostos dunha axuda aínda non percibida, o que pode desincentivar precisamente a aposta pola remuda xeracional a través desta medida. En consecuencia, adáptase a normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) para permitir neste suposto, ao igual que xa sucede noutros análogos, tributar en varios exercicios. Esta reforma é de grande importancia e responde a unha demanda tradicional do sector, dado que a incorporación de mozos é unha das liñas esenciais da política de renovación do sector primario e un dos eixes da nova PAC. Un dos seus efectos moi relevantes, non obstante, é que ten custo cero para as arcas públicas pois permite o pagamento do imposto ao longo das anualidades de execución das axudas, sen diminuír o volume final de ingresos públicos pero acomodándoo ao marco temporal en que se recibe a axuda.

Así mesmo, este real decreto lei introduce importantes medidas en materia de emprego neste ámbito de actividade, de maneira que se faga fronte ás especiais circunstancias en que se desenvolve o mercado de traballo no campo.

Trátase de establecer medidas de protección dos traballadores eventuais afectados polo descenso de actividade, provocado polos cambios progresivamente urxentes na estrutura produtiva do país e, por outra parte, medidas de apoio aos empresarios agrarios,

co fin de impedir que os efectos derivados da perda de rendibilidade poidan redundar nunha perda acelerada do emprego na agricultura e de sustentabilidade financeira das explotacións.

En relación coa protección por desemprego, regúlase nesta norma unha medida de carácter social que ten como destinatarios os traballadores eventuais agrarios residentes nas comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura afectados polo descenso de actividade provocado por diversas circunstancias, mediante a redución a vinte do número de xornadas necesarias para o acceso ao subsidio por desemprego previsto no Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, polo que se regula o subsidio por desemprego en favor dos traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, así como á renda agraria regulada polo Real decreto 426/2003, do 11 de abril, paliando así os efectos negativos da situación descrita na protección social dun colectivo vulnerable de persoas traballadoras.

A medida, de carácter excepcional, xustifícase porque, ademais do conxunto de circunstancias que afectan o sector agrario, no caso das comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura, e de acordo cos datos proporcionados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, constatouse un importante descenso da produción dos oliveirais, o que, unido ás dificultades que supuxeron os aranceis impostos por Estados Unidos a este sector, repercutiu nunha correlativa diminución do emprego dos traballadores eventuais agrarios das ditas comunidades autónomas, polo que se considera que se cumpren as condicións para regular a redución do número mínimo de xornadas necesarias para acceder ao subsidio por desemprego previsto no Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, así como á renda agraria regulada polo Real decreto 426/2003, do 11 de abril.

Ademais, recupérase para o ano 2020 a medida de conversión de contratos temporais de traballadores eventuais agrarios en contratos indefinidos que inclúe os traballadores fixos discontinuos, establecida no artigo 7 do Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo, de medidas urxentes de protección social e de loita contra a precariedade laboral na xornada de traballo. Desta maneira posibilitábase ás empresas que transformen contratos temporais con traballadores pertencentes ao Sistema especial de traballadores por conta allea agrarios do réxime xeral da Seguridade Social, incluídos os fixos discontinuos, de maneira inmediata ao bonificarse a cota empresarial por contingencias comúns, distinguíndose a súa contía en función do encadramento do traballador e da modalidade de cotización –mensual ou por xornadas reais traballadas–. Ademais, co obxectivo de introducir medidas positivas para reducir a fenda de xénero, establécense contías incrementadas no caso da conversión de contratos de mulleres traballadoras. As características do mercado laboral no ámbito do traballo agrario, onde priman a temporalidade e, por tanto, a precariedade, exige a adopción de medidas urxentes mediante unha acción normativa inmediata que xustifica a recuperación desta medida a través dun real decreto lei. A través deste incentivo búscase promocionar a contratación estable no sector, reducindo un volume de precariedade que alcanzou niveis insustentables desde a perspectiva social e promovendo a estabilidade no emprego como principio reitor do noso ordenamento laboral.

Por último, modifícase a letra a) artigo 19.1 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora do Sistema de inspección de traballo e seguridade social, que delimita o ámbito de actuación desta. O teor literal da dita letra determina a exclusión do ámbito de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social respecto dos aloxamentos e locais de descanso, localizados fóra dos centros de traballo ou lugares onde se executa a actividade laboral.

Independentemente do carácter obrigatorio ou non da posta á disposición dos ditos lugares por parte das empresas (sexo vía convencional, contractual ou legal), unha vez que os aloxamentos son postos á disposición das persoas traballadoras, estes pasan a constituír un elemento da relación laboral, e resulta imprescindible que reúnan as adecuadas condicións de hixiene, salubridade e habitabilidade, de acordo co deber de protección que se atribúe ao empresario mediante o artigo 14.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

Así mesmo, a orde anual pola que se regula a xestión colectiva de contratacións en orixe (para o ano 2020, a Orde TMS/1277/2019, do 23 de decembro), inclúe entre as obrigacións empresariais «a posta á disposición do traballador dun aloxamento adecuado durante a vixencia do contrato de traballo que reúna as condicións previstas na normativa en vigor, debendo quedar garantida, en todo caso, a habitabilidade e hixiene adecuada do aloxamento». Ademais, a propia orde establece no seu anexo IX, para o caso do sector agrícola, as condicións mínimas dos aloxamentos de temporada e campaña.

Polo exposto, ao corresponder á Inspección de Traballo e Seguridade Social, como servizo público, a vixilancia e exixencia do cumprimento da normativa legal e convencional da orde social, e dentro dela a de seguridade e saúde laboral, e de conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, así como nos artigos 1.2 e 12 da Lei ordenadora do Sistema de inspección de traballo e seguridade social, resulta necesario incluír dentro do seu ámbito de actuación locais, vivendas ou outros lugares habilitados, aínda cando non se encontren nas empresas, centros e lugares de traballo en que se execute a prestación laboral, nos cales residan, se aloxen ou poidan permanecer os traballadores por razón do seu traballo durante os períodos de descanso, e fosen postos á disposición polo empresario, en cumprimento dunha obrigación prevista nunha norma legal, convenio colectivo ou contrato de traballo. Por aplicación do artigo 18.2 da Constitución española e do artigo 13.1 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, tamén nestes novos ámbitos de actuación suxeitos a inspección, cando coincidan co domicilio dos traballadores, resultará exixible a obtención do consentimento expreso deles ou, na súa falta, da oportuna autorización xudicial.

III. Xustificación da extraordinaria e urxente necesidade

En relación co emprego do real decreto lei como instrumento para a introdución destas modificacións no ordenamento, débense ter en conta dous aspectos referidos ás materias vedadas a este instrumento normativo e á concorrencia dos presupostos habilitantes que xustifican a utilización desta clase de norma. En relación cos primeiros, como sinala o artigo 86.1 da nosa Constitución, os reais decretos lei «non poderán afectar o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral». No caso do presente real decreto lei non se realiza afectación ningunha a calquera destas materias.

En efecto, as regulacións que se incorporan á norma non supoñen unha afección do núcleo esencial de ningún dos anteriores elementos, posto que non se regula ningunha institución básica do Estado, non se afectan dereitos e deberes dos cidadáns, que non se verán nin incrementados nin diminuídos, non se incorporan afeccións ao réxime das comunidades autónomas posto que non é obxecto de ningunha destas medidas, e tampouco ten relación ningunha co réxime electoral, de modo que nada hai no seu contido que obste a súa aprobación neste punto.

Polo que respecta á concorrencia dos presupostos habilitantes de extraordinaria e urxente necesidade, debe terse en conta a doutrina do noso Tribunal Constitucional, resumida no fundamento xurídico IV da Sentenza 61/2018, do 7 de xuño de 2018. Conforme esta, requírense, por un lado, «a presentación explícita e razoada dos motivos que foron tidos en conta polo Goberno na súa aprobación», é dicir, o que se denominou a situación de urxencia e, por outro, «a existencia dunha necesaria conexión entre a situación de urxencia definida e a medida concreta adoptada para solucionala». Como sinala o Tribunal Constitucional, xeralmente «veuse admitindo o uso do decreto lei en situacións que se cualificaron como «conxunturas económicas problemáticas», para cuxo tratamento representa un instrumento constitucionalmente lícito, en canto que pertinente e adecuado para a consecución do fin que xustifica a lexislación de urxencia, que non é outro que solucionar «situacións concretas dos obxectivos gobernamentais que por razóns difíciles de prever requiran unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis» (SSTC 31/2011, do 17 de marzo, FX 4; 137/2011, do 14 de

setembro, FX 6, e 100/2012, do 8 de maio, FX 8). Finalmente, tamén se debe advertir que o feito de que se considere unha reforma estrutural non impide, por si soa, a utilización da figura do decreto lei, pois o posible carácter estrutural do problema que se pretende atallar non exclúe que o dito problema poida converterse nun momento dado nun suposto de extraordinaria e urxente necesidade que xustifique a aprobación dun decreto lei, o que deberá ser determinado atendendo ás circunstancias concorrentes en cada caso (STC 137/2011, FX 6; reiterado nas SSTC 183/2014, FX 5; 47/2015, FX 5, e 139/2016, FX 3)».

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F. 4; 137/2003, do 3 de xullo, F. 3, e 189/2005, de 7 xullo, F. 3; 68/2007, F. 10, e 137/2011, F. 7) e concorre no presente caso, o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa solucionar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno. Como se expón pormenorizadamente a continuación, ningunha das medidas recollidas na norma se pode considerar previsible con antelación pois nin a afección climática que se describe nin as perturbacións comerciais que se expuxeron nin as alteracións nas condicións produtivas se podían coñecer con antelación ben que os poderes públicos non poden permanecer alleos á súa existencia. O único modo posible de facerlles fronte debe ser o do real decreto lei, xa que en calquera outro mecanismo os prazos impedirían a correcta atención das necesidades detectadas.

En consecuencia, pódese asegurar que existe unha conexión directa entre a urxencia definida e a medida concreta adoptada para solucionarla: nin as medidas laborais acordadas poderían esperar a unha tramitación parlamentaria posto que os efectos sobre os traballadores serían demasiado gravosos polo atraso nin as medidas en materia de reequilibrio da cadea poden acompañarse á transposición futura da directiva, porque requiren da decidida e inmediata intervención pública. A inmediatez da entrada en vigor deste real decreto lei resulta tamén oportuna, posto que outra alternativa requiriría dun prazo moi superior no tempo. Esta acción normativa urxente asegura a puntual modificación legal descrita nun prazo máis breve que o requirido para a tramitación parlamentaria das leis, ben sexa polo procedemento ordinario ou polo de urxencia (SSTC 68/2007, FX 10, e 137/2011, FX 7).

O paquete normativo que se acomete agora constitúe un conxunto sistemático de medidas coordinadas que fai fronte ás situacións descritas desde diferentes perspectivas, compartindo un obxectivo común. Faise necesario, pois, intervir na actual conxuntura de modo inmediato e desde distintos ámbitos materiais, polo que se adopta este bloque de decisións que melloran a situación de partida desde a perspectiva da cadea alimentaria, no tratamento fiscal de determinadas axudas ou as condicións laborais dos empregados no sector.

Non pode esquecerse, a este respecto, que a renda agraria de 2019 descendeu un 8.4%, tras un ano de estancamento en 2018 e varios récords históricos anteriores. A razón principal foi a caída de produción vexetal pero, sobre todo, a caída dos prezos agrícolas.

En canto ás medidas en materia de cadea alimentaria non pode demorarse, posto que os prexuízos a que se podería someter o correcto funcionamento do mercado e o conxunto da economía serían incalculables. Do mesmo modo, a seguridade xurídica exige unha pronta solución a estas circunstancias, dado que deben engadirse medidas ao ordenamento sen demora, tanto por motivos conxunturais como estruturais. En canto a estes últimos, levar a cabo os cambios sinalados é esencial para que existan regras claras onde os operadores non só poidan actuar na lexítima confianza de que concorren os requisitos de validez do seu marco regulador, senón a aspiración á plena adecuación da dita regulación ás concretas necesidades da súa estrutura. Como se indicou, concorren

neste sector unha serie de motivos que o fan singular, aos cales xa se fixo mención en parágrafos anteriores e que poden resumirse, en apertada síntese, na atomización, o desequilibrio estrutural existente e o carácter perecedeiro dos bens, conxunto de causas que forzan unha intervención adicional no sector por parte dos poderes públicos. Estas mesmas causas xustificaron no seu momento a aprobación da lexislación de 2013, pero neste momento non se pode producir o atraso na acometida de medidas adicionais de protección dos intereses xerais, posto que o presente real decreto lei require da inmediata aplicación das súas importantes novidades, dado o marco de incremento sostido das afeccións ambientais e climatolóxicas aos integrantes da cadea, de incorporación de tensións comerciais tanto no circuíto interno como no internacional –por citar as máis destacadas, o abandono do Reino Unido da Unión Europea, os cambios nas tendencias de consumo que se aceleran nos últimos anos ou o crecente incremento arancelario no marco dunha redución sostida do crecemento medio global–, así como factores de índole produtiva, como o elevado prezo de insumos e auxe dos custos estruturais que se sumaron a factores de crecente importancia tales como a estrutura territorial do país ou os desequilibrios na oferta e na demanda provocados por cambios exógenos e de condicións produtivas, cuxo auxe se viu potenciado nos últimos meses. Desde o lado conxuntural, así mesmo, concorren elementos de magnitude clave tales como a imperiosa necesidade de articular sen dilacións un instrumento normativo que dote de plena eficacia as medidas que se xulgaron non demorables, nun mercado especificamente afectado por patróns de desnivelación crecentes froito da concentración e da agudización dos comportamentos descritos, especialmente no marco dun mercado interior europeo de capital importancia para o sector español.

En paralelo, e por idéntica motivación, cómpre acomodar a parte dos custos tributarios para lograr idénticos fins e sen que tampouco sexa factible demorar a súa aprobación, incluíndo a imprescindible necesidade de modificar unha consecuencia xurídica non desexada no sistema de tributación referido para os agricultores mozos, en que non só concorren causas xustificadas de xustiza material, senón a necesidade impostergable de que se acometa este cambio de inmediato, co fin de que para cando o inminente Plan estratéxico da PAC estea aprobado, tal circunstancia fose convenientemente corrixida e se permita a adecuada articulación das súas prioridades co marco regulatorio interno. A actividade por urxencia dos poderes públicos neste punto é imprescindible por canto se prevén efectos retroactivos da medida que, ben que son favorables para o interesado, deben publicarse de forma inmediata de modo que poidan aplicarse ao completo exercicio orzamentario sen que se produza unha retroactividade en exceso acusada que afecte o coñecemento dos interesados sobre os efectos da medida. O atraso que comportaría a súa tramitación lexislativa ordinaria ou por urxencia impediría a súa aplicación efectiva a este exercicio fiscal, o que causaría a práctica inhabilidade da medida para cumprir cos fins de fomento da remuda xeracional que ten encomendada e que poden chegar mesmo a impedir o seu correcto funcionamento como política pública, de modo que non pode lograrse a súa finalidade se non é por este medio.

Do mesmo modo, a extraordinaria e urxente necesidade destas medidas procede da concurrencia dunha pléiade de causas de forza maior, derivadas de circunstancias ambientais crecentemente extremas, crises agudizadas no comercio internacional e alteración secuencial dos elementos constitutivos da actividade. As ditas circunstancias obrigan a adoptar medidas excepcionais e urxentes en materia de emprego para evitar situacións de desprotección dos traballadores como consecuencia da diminución da necesidade de man de obra nas zonas afectadas. Trátase dunha medida que segue múltiples precedentes, como os reais decretos lei 10/2005, do 20 de xuño; 2/2010, do 19 de marzo; 1/2013, do 25 de xaneiro; 1/2015, do 27 de febreiro; e 28/2018, do 28 de decembro, que recoñecían a redución do número mínimo de xornadas realizadas para acceder ás prestacións sinaladas, que se complementa con outras igualmente perentorias en materia laboral. Polo tanto, esta medida veuse realizando de maneira frecuente no tempo sen que houbera cuestionamento constitucional ningún sobre a posibilidade de regulalo por medio deste instrumento.

Debe terse en conta, a este respecto, que ademais dos factores tanto estruturais como conxunturais que conflúen neste subsector de actividade e que xa se expuxeron, concorre como elemento esencial de agravamento desta situación a concatenación de fenómenos climatolóxicos especialmente virulentos que tiveron os amplamente coñecidos efectos adversos sobre a actividade do sector agrario. A sucesión de acaecementos como as encadeadas depresións illadas en niveis altos (DINA) ou as alteracións nos patróns de temperaturas e precipitacións habituais xeraron evidentes prexuizos nas explotacións agrarias. Estes prexuizos, que por si mesmos supoñen un elemento adicional que considerar para a necesidade de atender de urxencia estas medidas, teñen un efecto específico no ámbito desta concreta medida, pois a renda e o subsidio agrarios só se verifican nas dúas comunidades autónomas referidas. Os prexuizos na actividade tiveron como consecuencia inmediata o descenso drástico da contratación de persoal eventual en tales explotacións, de modo que o número de xornadas cotizadas, exixido como requisito para o acceso a tales mecanismos protectores, decaeu tamén, o que comporta a imposibilidade de boa parte dos perceptores de cumprir cun requisito habilitante esencial. Esta circunstancia, sumada ao evidente impacto que os aranceis internacionais e os problemas ambientais que afectaron a colleita das actividades oleícolas –predominantes precisamente no territorio de ambas as rexións–, xustifica sobradamente a necesidade imperiosa e inaprazable de reducir o número de xornadas exixidas para acceder a ambas as figuras, en liña co que en ocasións similares se veu acordando no pasado a través tamén da figura do real decreto lei.

As características do mercado laboral no ámbito do traballo agrario, ademais, onde priman a temporalidade e, por tanto, a precariedade, fan necesario adoptar medidas urxentes mediante unha acción normativa inmediata, o que xustifica a recuperación desta medida a través dun real decreto lei, de modo que se promocióne a contratación estable no sector, reducindo un volume de precariedade que alcanzou niveis insustentables desde a perspectiva social, de modo inmediato.

Do mesmo modo, na modificación do artigo 19.1.a) da Lei 23/2015, do 21 de xullo, concorre o presuposto material do artigo 86.1 da Constitución española, tendo en conta a necesidade urxente de garantir as condicións de saúde e seguridade dos traballadores nos termos previstos no artigo 14.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e o exercicio das potestades de control que, de acordo cos artigos 1.1 e 1.2 do Estatuto dos traballadores, corresponde ao empresario sobre locais, vivendas e aloxamentos na medida en que estes son proporcionados por aquel. A non previsión de acceso por parte da Inspección de Traballo e Seguridade Social e a conseguinte falta de vixilancia dos ditos lugares deixa fóra unha parte inescindible do deber de seguridade e coidado do empresario en que persisten riscos (acoso, salubridade, dereito ao descanso, etc.) vinculados co traballo que poden pór en risco grave e inminente a saúde e seguridade do traballador e a súa integridade física. Así mesmo, esta modificación que fai coincidir o ámbito funcional de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social, artigo 12 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, co seu ámbito material, artigo 19 da citada lei, non só é conforme cos convenios internacionais da Organización Internacional do Traballo (OIT), singularmente o Convenio 155 sobre seguridade e saúde dos traballadores e o Convenio 190 sobre a violencia e o acoso, senón que, ademais, permite garantir a saúde e a seguridade dos traballadores en situacións e respecto daqueles colectivos que presentan un maior risco e vulnerabilidade (mulleres, migrantes, etc.). Esta modificación, que é conforme coas facultades e atribucións que de acordo coa Lei 23/2015, do 21 de xullo, corresponden ao dito organismo, require a súa adopción urxente para evitar situacións que comprometan o dereito dos traballadores ao desfrute de condicións adecuadas de saúde e seguridade e á súa integridade física.

Polo demais, debe terse en conta que este real decreto lei se constrinxen ás medidas máis perentorias co fin de dar unha resposta adecuada e suficiente dentro das marxes da necesaria inmediatez que acompañan tal figura, pero que se debe enmarcar necesariamente tanto no conxunto de medidas que o Goberno da Nación xa está levando a cabo neste ámbito como nun futuro paquete normativo en que se dea unha máis ampla

resposta ás necesidades detectadas, especialmente no marco da recente aprobación da normativa europea nesa materia.

Por todo isto, pola súa finalidade e polo marco de exixencia temporal en que se dita, concorren neste real decreto lei as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade requiridas polo artigo 86 da Constitución española.

IV. Principios de boa regulación

Por todo o anterior, o presente real decreto lei configúrase de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade e seguridade xurídica recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste sentido, esta modificación é necesaria e eficaz por canto é preciso introducir neste momento os cambios máis urxentes para solucionar estas necesidades e non existe outro mecanismo máis que o dunha norma con rango de lei. En canto ao principio de transparencia, dado que se trata dun real decreto lei, a súa tramitación encóntrase exenta de consulta pública previa e dos trámites de audiencia e información públicas. Así mesmo, resulta proporcional e transparente porque esta modificación é compatible co contido da directiva que no futuro deba ser trasposta en materia de cadea alimentaria e, sendo de mínimos, introduce só nos elementos necesarios o contido adicional que se considera procedente para a salvagarda do interese público e, igualmente, garántese o principio de seguridade xurídica ao asegurar un correcto encaixe do conxunto de medidas. Finalmente, o principio de eficiencia considérase cumprido posto que non se impoñen novas cargas administrativas que non sexan imprescindibles fronte á regulación actual.

V. Habilitación competencial

En canto aos títulos competenciais que o amparan, o artigo primeiro dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica. Exceptúanse do anterior os modificandos un a tres, relativos ao título II, e a disposición transitoria única deste real decreto lei, que se amparan nas regras 6.^a e 8.^a do artigo 149.1, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación mercantil e lexislación civil.

O artigo segundo dítase ao abeiro do disposto na regra 14.^a do artigo 149.1 da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de facenda xeral.

O artigo terceiro dítase ao abeiro da habilitación contida na regra 17.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia sobre lexislación básica e réxime económico da seguridade social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas.

O artigo cuarto dítase ao abeiro da habilitación contida na regra 7.^a do artigo 149.1 da Constitución española, pola que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

O artigo quinto dítase conxuntamente ao abeiro das regras 7.^a e 17.^a do artigo 149.1 da Constitución española, polas que se atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas, e a competencia sobre lexislación básica e réxime económico da seguridade social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, da ministra de Facenda e da ministra de Traballo e Economía Social, e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de febreiro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.*

A Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, queda modificada como segue:

Un. A letra c) do número 1 do artigo 9 queda redactada como segue e engádesse unha nova letra j):

«c) Prezo do contrato alimentario, con expresa indicación de todos os pagamentos, incluídos os descontos aplicables, que se determinará en contía fixa ou variable. Neste último caso, determinarase en función unicamente de factores obxectivos, verificables, non manipulables e expresamente establecidos no contrato. En ningún caso se utilizarán factores que fagan referencia a prezos participados por outros operadores ou polo propio operador. Os factores que empregarán poderán ser, entre outros, a evolución da situación do mercado, o volume entregado e a calidade ou composición do produto. En todo caso, un dos factores deberá ser o custo efectivo de produción do produto obxecto do contrato, calculado tendo en conta os custos de produción en que o operador efectivamente incorreu, asumidos ou similares. No caso das explotacións agrarias teranse en conta factores tales como as sementes e plantas de viveiro, fertilizantes, pesticidas, combustibles e enerxía, maquinaria, reparacións, custos de rega, alimentos para os animais, gastos veterinarios, traballos contratados ou man de obra asalariada. Entenderase por factores obxectivos aqueles que sexan imparciais, fixados con independencia das partes e que teñan como referencia datos de consulta pública. No caso das explotacións agrarias, estes serán tales como os datos relativos aos custos efectivos das explotacións publicados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.»

«j) Indicación expresa de que o prezo pactado entre o produtor primario agrario, gandeiro, pesqueiro ou forestal ou unha agrupación destes e o seu primeiro comprador cobre o custo efectivo de produción.»

Dous. Engádesse un novo artigo 12 bis co seguinte contido:

«Artigo 12 bis. *Actividades promocionais.*

No ámbito de aplicación desta lei:

1. O lanzamento e desenvolvemento de promocións deberá realizarse baseándose nos principios de:

- a) acordo e liberdade de pactos;
- b) interese mutuo, e
- c) flexibilidade para adaptarse ás circunstancias particulares dos distintos operadores.

2. Os pactos sobre promocións comerciais respectaranse na súa natureza e integridade. Estes pactos, que deberán contar co acordo explícito de ambas as partes, recollerán os aspectos que definen a promoción: os prazos (datas de inicio e finalización), os prezos de cesión, os volumes, e aqueloutras cuestións que sexan de interese, así como tamén os aspectos da promoción relativos ao procedemento, ao tipo, ao desenvolvemento, á cobertura xeográfica e á avaliación do resultado desta.

3. Non se realizarán actividades promocionais que induzan a erro sobre o prezo e imaxe dos produtos ou que prexudiquen a percepción na cadea sobre a calidade ou o valor dos produtos.»

Tres. Engádesse un novo artigo 12 ter co seguinte contido:

«Artigo 12 ter. *Destrución de valor na cadea.*

Co fin de evitar a destrución do valor na cadea alimentaria, cada operador desta deberá pagar ao operador inmediatamente anterior un prezo igual ou superior ao custo efectivo de produción de tal produto en que efectivamente incorrese ou asumise o dito operador. A acreditación realizarase conforme os medios de proba admitidos en dereito.

O operador que realice a venda final do produto ao consumidor en ningún caso poderá repercutir a ningún dos operadores anteriores o seu risco empresarial derivado da súa política comercial en materia de prezos ofertados ao público.»

Catro. O artigo 23 queda modificado como segue:

1. O artigo 23.1. a) queda sen contido.
2. As letras b) e e) do artigo 23.1 quedan redactadas como segue:

«b) Non incluír os puntos que como mínimo deben conter os contratos alimentarios, sen prexuízo das condutas que se incardinen no número 2.»

«e) Realizar modificacións das condicións contractuais que non estean expresamente pactadas polas partes, sen prexuízo das condutas que se incardinen no número 2.»

3. Engádesse un parágrafo ao artigo 23.2 co seguinte contido:

«Do mesmo modo, será infracción grave non formalizar por escrito os contratos alimentarios a que se refire esta lei; non incorporar no contrato alimentario o prezo recollido no artigo 9.1 c); realizar modificacións do prezo incluído no contrato que non estean expresamente pactadas polas partes; a destrución de valor na cadea alimentaria conforme o artigo 12 ter e realizar actividades promocionais que induzan a erro sobre o prezo e imaxe dos produtos conforme o artigo 12 bis.»

Cinco. O artigo 24.2 queda sen contido.

Seis. Engádesse un novo artigo 24 bis co seguinte contido:

«Artigo 24 bis. *Publicidade das resolucións sancionadoras en materia de contratación alimentaria.*

1. A Administración pública competente para a imposición da sancións publicará de forma periódica as resolucións sancionadoras impostas por infraccións graves e moi graves en materia de contratación alimentaria que adquirisen firmeza en vía administrativa ou, en caso de terse interposto recurso contencioso-administrativo, en vía xudicial. No caso das sancións que impoña a Administración xeral do Estado, esta publicidade farase por medio da páxina web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. A publicidade activa e o acceso á información pública regulados polo título I da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como as obrigacións de publicidade activa establecidas pola lexislación autonómica, someteranse, cando a información conteña datos persoais, ao disposto nos artigos 5.3 e 15 da referida lei, así como na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.»

Sete. Engádesse un novo parágrafo á disposición adicional quinta co seguinte contido:

«En todo caso, serán de aplicación a tal sector as exixencias previstas no artigo 9.1 c) e j) e no artigo 12 ter desta lei.»

Artigo segundo. *Modificación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.*

A Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, modifícase como segue:

Un. A letra b) do número 1 do artigo 14 queda redactada da seguinte forma:

«b) Os rendementos de actividades económicas imputaranse conforme o disposto na normativa reguladora do imposto sobre sociedades, sen prexuízo das especialidades que regulamentariamente poidan establecerse.

Non obstante, as axudas públicas para a primeira instalación de agricultores mozos previstas no Marco Nacional de Desenvolvemento Rural de España poderán imputarse por cuartas partes, no período impositivo en que se obteñan e nos tres seguintes.»

Dous. Modifícase a letra c) e engádesse unha letra l) no número 2 do artigo 14, que quedan redactadas da seguinte forma:

«c) As ganancias patrimoniais derivadas de axudas públicas imputaranse ao período impositivo en que teña lugar o seu cobramento, sen prexuízo das opcións previstas nas letras g), i), j) e l) deste número.»

«l) As axudas públicas para a primeira instalación de agricultores mozos previstas no Marco Nacional de Desenvolvemento Rural de España que se destinen á adquisición dunha participación no capital de empresas agrícolas societarias poderán imputarse por cuartas partes, no período impositivo en que se obteñan e nos tres seguintes.»

Artigo terceiro. *Redución do número mínimo de xornadas reais cotizadas para acceder ao subsidio por desemprego ou á renda agraria a favor dos traballadores eventuais agrarios residentes no territorio das comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura.*

1. Os traballadores agrarios por conta allea de carácter eventual que, na data de entrada en vigor deste real decreto lei, estean incluídos no Sistema especial para traballadores por conta allea agrarios da seguridade social e, na dita data, residan no territorio das comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura, poderán ser beneficiarios do subsidio por desemprego que regula o Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, ou da renda agraria, regulada polo Real decreto 426/2003, do 11 de abril, aínda cando non teñan cuberto no citado Sistema da seguridade social o número mínimo de xornadas reais cotizadas establecido no artigo 2.1.c) ou no artigo 2.1.d) dos citados reais decretos, respectivamente, sempre que teñan cuberto no dito sistema especial un mínimo de 20 xornadas reais cotizadas nos doce meses naturais inmediatamente anteriores á situación de desemprego, e reúnan o resto dos requisitos exixidos no artigo 288 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, e nos citados reais decretos.

2. Cando se aplique o previsto no número 1 deste artigo, considerarase acreditado un número de 35 xornadas reais cotizadas para os efectos do establecido:

- a) No artigo 5.1.a) do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro.
- b) Nos artigos 4.1 e 5.1.a) do Real decreto 426/2003, do 11 de abril.

3. Nas solicitudes que se presenten a partir da entrada en vigor deste real decreto lei no ámbito territorial indicado no número 1 deste artigo observárase o seguinte:

a) Para aplicar a disposición transitoria primeira do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, deberase completar un número mínimo de 20 xornadas reais, cotizadas, na forma prevista na dita disposición.

b) Para aplicar a disposición transitoria segunda do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, cando se acredite un número igual ou superior a 20 xornadas cotizadas, considerarase acreditado un número de 35 xornadas cotizadas.

Artigo cuarto. Conversión de contratos eventuais de traballadores agrarios en contratos indefinidos ou contratos fixos descontínuos.

1. As empresas que ocupen traballadores encadrados no Sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social que transformen, antes do 1 de xaneiro de 2021, os contratos de traballo de duración temporal subscritos con eses traballadores, calquera que sexa a data da súa celebración, en contratos de duración indefinida, incluídos os contratos fixos descontínuos, terán dereito ás seguintes bonificacións na cota empresarial por continxencias comúns á Seguridade Social, durante os dous anos seguintes á transformación do contrato:

a) Se o contrato se refire a traballadores encadrados no grupo 1 de cotización, con cotización por bases mensuais, e que teñan unha base de cotización mensual inferior a 1.800 euros, a bonificación será de 40 euros/mes (480 euros/ano). No caso de traballadoras, as ditas bonificacións serán de 53,33 euros/mes (640 euros/ano).

b) Se o contrato se refire a traballadores encadrados no grupo 1 de cotización que coticen por xornadas reais traballadas e cuxa base de cotización diaria sexa inferior a 81 euros, a bonificación será de 2 euros/día. No caso de traballadoras, as bonificacións serán de 2,66 euros/día.

c) Se o contrato se refire a traballadores encadrados nalgún dos grupos de cotización entre o 2 e o 11 que teñan unha base de cotización mensual inferior a 1.800 euros ou unha base diaria inferior a 81,82 euros, a bonificación corresponderase coa contía necesaria para que a cota resultante por continxencias comúns non supere 94,63 euros/mes, ou 4,30 euros por xornada real traballada. No caso de traballadoras, a bonificación corresponderase coa contía necesaria para que a cota resultante por continxencias comúns non supere 63,09 euros/mes, ou 2,87 euros por xornada real traballada.

2. As bonificacións previstas no número 1 non serán de aplicación durante as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, así como de nacemento e coidado do menor causadas durante a situación de actividade a que se refire o artigo 5.7 do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, na redacción dada polo artigo 5 do Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo, de medidas urxentes de protección social e de loita contra a precariedade laboral na xornada de traballo.

3. Para a aplicación deste incentivo a empresa deberá manter no emprego o traballador contratado polo menos tres anos desde a data de transformación do contrato. En caso de incumprimento desta obrigaçión, deberase proceder ao reintegro do incentivo.

Non se considerará incumprida a obrigaçión de mantemento do emprego anterior cando o contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario cando un ou outro sexa declarado ou recoñecido como procedente, nin as extincións causadas por dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez dos traballadores.

4. No non establecido nesta disposición serán de aplicación as previsións contidas na sección I do capítulo I da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, salvo o establecido no seu artigo 2.7.

Artigo quinto. *Modificación da Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora do Sistema de inspección de traballo e seguridade social.*

A letra a) do número 1 do artigo 19 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora do Sistema de inspección de traballo e seguridade social, quedará redactada da seguinte maneira:

«a) As empresas, os centros de traballo e, en xeral, os lugares de traballo en que se execute a prestación laboral, aínda cando estean directamente rexidos ou xestionados polas administracións públicas ou por entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes de calquera delas, con suxeición, neste último caso, ao previsto na normativa que regula a dita actuación nas administracións públicas. A actuación da Inspección de Traballo poderase exercer tamén en locais, vivendas ou outros lugares habilitados, aínda cando non se encontren nas empresas, centros e lugares de traballo en que se execute a prestación laboral, en que residan, se aloxen ou poidan permanecer os traballadores por razón do seu traballo durante os períodos de descanso, e fosen postos á disposición destes polo empresario, en cumprimento dunha obrigação prevista nunha norma legal, convenio colectivo ou contrato de traballo.»

Disposición adicional única. *Informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.*

Ao ano da súa entrada en vigor, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación presentará un informe á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos en que se analizarán os resultados da aplicación das medidas recollidas neste real decreto lei. En particular, este informe detallará o impacto das ditas medidas sobre o sector agroalimentario español e sobre os consumidores atendendo á evolución que se producise do sistema de fixación de prezos e dos prezos finais dos produtos agroalimentarios.

Disposición transitoria única. *Contratos preexistentes.*

Os contratos alimentarios en vigor, incluídas as súas prórrogas e novacións, no momento de entrada en vigor deste real decreto lei manterán a súa validez, ben que terán que adaptarse naquilo en que non se axusten ao disposto nesta norma no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

O artigo primeiro dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica. Exceptúanse do anterior os modificandos un a tres, relativos ao título II, e a disposición transitoria única deste real decreto lei, que se amparan nas regras 6.^a e 8.^a do artigo 149.1, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación mercantil e lexislación civil.

O artigo segundo dítase ao abeiro do disposto na regra 14.^a do artigo 149.1 da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de facenda xeral.

O artigo terceiro dítase ao abeiro da habilitación contida na regra 17.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia sobre lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas.

O artigo cuarto dítase ao abeiro da habilitación contida na regra 7.^a do artigo 149.1 da Constitución española, pola que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

O artigo quinto dítase conxuntamente ao abeiro das regras 7.^a e 17.^a do artigo 149.1 da Constitución española, polas que se atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das

comunidades autónomas, e a competencia sobre lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor e efectos.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

O artigo segundo producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2020.

O disposto no artigo terceiro será de aplicación ás solicitudes presentadas a partir da data de entrada en vigor deste real decreto lei e até o 31 de decembro de 2020, incluído.

Dado en Madrid o 25 de febreiro de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN